



Adelántate al Black Friday 🚨 Suscríbete por solo 18€/año [Quiero la oferta](#)

CULTURA

Poesía ao ditado



TAMARA MONTERO
SANTIAGO / LA VOZ



SIMÓN BALVÍS

Samuel L. París vén de crear un poemario a partir dos títulos que lle foron suxerindo a través de Twitter en Instagram

22 abr 2020 · Actualizado a las 12:38 h.



Comentar · 0

- a) algunhas persoas propuxeron títulos para poemas nas súas contas de twitter e instagram
- b) para cada título proposto, escribiuse un poema

PUBLICIDAD

c) é sinxelo, se o pensas

É o libro de instrucións dunha **mestura dixital de poesía, retranca, cultura pop galega e sociedade da información**. Así pasa **Samuel L. París** o confinamento, escribindo ao ditado de quen bota a pacer a lingua nas redes sociais. **Zero Pedrolo** xa se pode descargar de balde a través do seu blog.

Samuel L. París - Nova Poesía Vella @ Miña poesía, meu lar



Con este novo poemario, o escritor **continúa a idea que xa no 2013** o levou a escribir *Samoponteatraballar*, unha recompilación de poemas nos que se puña o título diante dos bois. Foron tamén persoeiros do Galituiter (os influencers galegos, vaia) os que suxeriron encabezamentos para as composicións a través do cancelo #samoponteatraballar.